



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CABEIRO, QUE SE
CELEBROU O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobar, no seu caso, a acta anterior
- 2 Dar conta da supresión por parte do pleno dos presupostos participativos
- 3 Nomear representante do Consello Parroquial para a Comisión Territorial do PXOM
- 4 Modificación do Regulamento dos Consellos Parroquiais
- 5 Varios

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas e quince minutos, do día oito de outubro de dous mil quince, previa convocatoria e baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, da concelleira M.^a CARMEN AMOEDO DASILVA reuníronse os/as seguintes representantes:

DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

ANA M.^a ALONSO ALONSO, representante do grupo municipal do PP, incorpórase á reunión ás 20:20 horas.

ANA ALONSO PAZOS, representante do grupo municipal do PSdeG – PSOE.

MARÍA ÁNXELES BABARRO FERNÁNDEZ, representante do grupo municipal do BNG

PAULO MEDAL FIEL, representante do grupo municipal de AER

DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS:

AMANTE ROMERO ÁLVAREZ

DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

MANUEL FERNANDEZ ÁLVAREZ

DAS AAVV:

MANUEL BASTOS BASTOS

CONSTANTE ÁLVAREZ ÁLVAREZ

DA COMUNIDADE DE MONTES:

SABINO AMOEDO DACOSTA, incorpórase á reunión ás 20:35 horas.



CONCELLO DE REDONDELA

DA ASOCIACIÓN DE MULLERES:

INÉS BASTOS ALONSO

INCIDENCIAS: Non asistiron: CESÁREO ÁLVAREZ LAGO, representante das Asociacións Deportivas e RAFAEL CASTRO CASTRO, representante da Comunidade de Augas.

Todos/as eles/as asistidos/as de min, a funcionaria de carreira do Concello, M.^a Goretti González Enes que actúa como secretaria, e que dá fe do acto, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

A presidenta declara aberta a sesión, pasándose a tratar os puntos da Orde do Día.

1 APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR

A presidenta dá conta da acta da sesión anterior preguntando aos membros do Consello se teñen algunha observación que facer ao borrador da acta, ao que o resto do membros contestan que non.

Non habendo ningunha observación ao respecto, o Consello Parroquial de Cabeiro, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba á acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada, con carácter ordinario, o día 21 de xaneiro de 2015.

2 DAR CONTA DA SUPRESIÓN POR PARTE DO PLENO DOS PRESUPOSTOS PARTICIPATIVOS

A presidenta inicia a súa intervención informando que no pasado mes de xullo o goberno local presentou ante o pleno, a proposta da concellería de Facenda para a aprobación dos orzamentos participativos.

Esta proposta establecía, como en anos anteriores, un reparto igualitario dos orzamentos en todas as parroquias.

Informa que o resto dos grupos políticos da oposición non apoiaron esta proposta porque opinan que ten que haber un debate e un cambio na participación nestes orzamentos.

A presidenta continúa indicando que o goberno, ante esta postura e tendo en conta que xa estaban a mediados de ano e que iniciar, a esas alturas, unha nova tramitación partindo de cero era complicado,



CONCELLO DE REDONDELA

solicitou que se aprobara a proposta de reparto lineal, deixando o debate sobre unha nova repartición para o próximo ano.

Pero comenta que os outros grupos políticos non a aceptaron, polo que a proposta foi desestimada, tendo por consecuencia que no 2015 non haberá orzamentos participativos.

Continúa a súa intervención informando que, unha vez que esta supresión se comunique a todos os consellos parroquiais, se procederá a negociar co resto de grupos políticos para que o ano que vén se poidan implantar de novo estes orzamentos, se ben considera que será difícil establecer un baremo xa que as parroquias presentan peculiaridades, xa que as hai que son pequenas en tamaño pero grandes en poboación é a inversa.

Pide a palabra, Paulo Medal Fiel para matizar a información que ofreceu a presidenta do Consello, xa que lle deu a impresión de que ela dicía que eses cartos xa non están. Algo que el entende que non é así, xa que cre que os cartos previstos para estes orzamentos, se poden gastar doutro xeito e darllos igualmente ás parroquias.

Indica que AER non está en contra de empregar este diñeiro pero o que eles querían era que estes orzamentos se incrementasen progresivamente e comenta que esta agrupación considera que hai outras fórmulas para que eses cartos se poidan investir nas parroquias.

A presidenta repite que o goberno local quería que os orzamentos participativos saísen adiante xa que estaban feitas as propostas dos Consellos Parroquiais e que, no próximo ano, se aprobasen con outro reparto, tras levar a cabo a correspondente negociación.

Intervén Ana M.^a Alonso Alonso explicando que cando se presentaron os orzamentos, enviouse o borrador a todos os grupos políticos para que achegasen propostas, pero que ningún deles presentou unha soa proposta de modificación destes orzamentos. Polo que incide en que a oposición non achegou nada respecto deste borrador pero que, en cambio, despois votou en contra do reparto lineal proposto nel.

Indica tamén que o goberno non podía facer outra cousa xa que o orzamento xeral está prorrogado e polo tanto, tamén o están as bases, e que ao non aprobarse, di que non se poderá usar ese diñeiro como participativos.



CONCELLO DE REDONDELA

Amante Romero Álvarez pregunta se, aínda así, poden solicitar eses cartos.

Ana M.^a Alonso Alonso responde que agora habería que facer unha transferencia de crédito para modificar o seu destino.

M.^a Ánxeles Babarro Fernández intervén dicindo que dá a impresión de que Cabeiro non ten os 13.000€ por culpa dos grupos políticos da oposición e indica que o BNG sempre estivo en contra de como se levaban, polo que non cambiaron de postura.

Continúa a súa intervención, dicindo que as obras que se fixeron a través destes orzamentos participativos foron realizadas con cargo aos cartos do Concello, polo que se podían usar igual xa que segue sendo diñeiro do Concello. Tamén manifesta que con relación a este asunto sempre andan ao límite, que sempre van ás présas.

Paulo Medal Fiel pregunta á presidenta cal era a proposta e Ana M.^a Alonso Alonso responde que era o 1%. A continuación, o representante de AER opina tamén que o goberno pode usar igualmente estes cartos, do xeito que queira, xa sexa de forma lineal ou non.

En contestación ao anterior, Ana M.^a Alonso Alonso di que agora non teñen porque darlle o mesmo destino. Ao que Paulo Medal Fiel contesta que se agora o Concello non inviste estes cartos nas parroquias sería unha hipocresía.

A presidenta manifesta que se AER dixo no pleno que non apoiaba esta repartición dos cartos, non pode pedir agora que se invistan para a mesma finalidade.

Amante Romero Álvarez comenta que a estas alturas do ano xa non daría tempo a facer ningunha das obras propostas.

A presidenta indica que falarán co interventor para ver que é o que se pode facer ao respecto.

3 NOMEAR REPRESENTANTE DO CONSELLO PARROQUIAL PARA A COMISIÓN TERRITORIAL DO PXOM

A presidenta indica que o Concello remitíu unha convocatoria aos membros dos consellos parroquiais para que participasen nunhas xornadas sobre o PXOM e informa de que o equipo do PXOM ten que



constituír unhas comisións territoriais, nas que participarán membros dos consellos parroquiais, en representación de cada parroquia, os cales tratarán directamente co equipo redactor.

Por este motivo indica que cada consello parroquial debe designar un representante para participar nestas comisións, polo que lles solicita que designen no prazo de 15 días, un titular e un suplente.

Tamén informa de que se van constituír comisións temáticas, compostas por xente de Redondela vinculada ao ámbito cultural e que teñan arraigo para acceder así a máis información.

4 MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS

A presidenta informa sobre a existencia dunha proposta das Asociacións de Veciños e de AER na que propoñen a modificación do regulamento dos consellos parroquiais xa que hai zonas nas que teñen máis peso ás asociacións veciñais e noutras as asociacións culturais, etc., polo que tendo en conta estas peculiaridades, queren que o regulamento permita que a composición destes consellos sexa aberta.

A continuación, indica que xa hai un borrador da proposta de modificación do regulamento e que o goberno llela enviará a todos para que sexa obxecto de estudo.

Informa tamén de que, a petición dos sindicatos, se propón modificar o apartado do regulamento no que se establece que o persoal funcionario actuará como secretario dos Consellos Parroquiais, levantando acta das súas reunións, indicando que a proposta é que sexan os membros dos consellos os que se roten no exercicio destas funcións.

Para finalizar este punto da orde do día, a presidenta informa aos presentes que se convocará un consello especial para debater unicamente este tema.

Amante Romero Álvarez manifesta que neste consello, no relativo á composición, non haberá moitas modificacións xa que están todos representados.

5 VARIOS

A presidenta solicita aos membros do Consello que expoñan as súas opinións ou peticións.

Toma a palabra, Amante Romero Álvarez indicando que un dos problemas da parroquia é o do saneamento, comentando que hai un 70% da parroquia que carece del.



CONCELLO DE REDONDELA

Manuel Bastos Bastos pregunta porqué uns veciños pagan máis ca outros e Ana M.^a Alonso Alonso di que iso é tema de Aqualia, dependendo de se están suxeitos a bonificación por deixar pasar polo seu terreo.

Respecto ao saneamento da Quirincosta, a representante do PP di que fixeron todo o posible para que chegara ata o final, pero que houbo un veciño que impediu que fose así.

A continuación, intervén Sabino Amoedo Dacosta solicitando que cando haxa que facer un proxecto en Cabeiro contén coa xente da parroquia, xa que son eles os que coñecen cales son e onde están os problemas, polo que pide que os técnicos do Concello consulten á veciñanza.

A este respecto, Manuel Bastos Bastos manifesta que estivo colaborando cos técnicos do Concello e que non lle fixeron caso en nada.

Varios membros do Consello queren que conste en acta que o Arquitecto do Concello ten adoptado unha actitude prepotente e agresiva contra os veciños.

Continúa Amante Romero Álvarez comentando que trala visita que fixo para ver o do saneamento de Vilar, opina que este debería cruzar o río.

Os membros do Consello debaten sobre cales serían as mellores opcións para levar a cabo este saneamento, entre as cales estaría a zona do Campiño.

En relación a isto, a representante do PP informa que a concelleira de Vías e Obras está visitando, xunto cos veciños e cos técnicos, os posibles lugares por onde levar o saneamento.

Amante Romero Álvarez indica que no colexio xa está feito o saneamento cara a Vilar, seguindo a estrada xeral, faltando só un tramo.

Tamén indica que visitou todo Cabeiro coa concelleira, pero que o máis importante é o Campiño, dende o grupo escolar cara o noroeste, polo que pide que se elabore o proxecto.

Sabino Amoedo Dacosta solicita que non tarden tanto en facelo como noutras ocasións.



CONCELLO DE REDONDELA

Respecto ao saneamento tamén indican que no Camiño das Coviñas e no Camiño do Costal faltan por rematar uns tramos que habería que terminar.

Respecto a esta cuestión, Ana M.^a Alonso Alonso opina que se lle debe dar prioridade á realización destes 2 tramos, para o que poderían ir os técnicos e levarse a cabo a través dunha memoria valorada.

Intervén Amante Romero Álvarez dicindo que se está reparando o Camiño da Graña pero que hai un problema cos canos. Pregunta porque non se meten 2 tubos por se o día de mañá a veciñanza quere regar, evitando así posibles protestas no futuro.

Tamén indica que había regos tapados con reixas, que se taparon con cemento, polo que pregunta porque non se asfaltaron.

Respecto ao Camiño dos Covelos pregunta se se reparou ao que a presidenta lle responde que van comprobar se era público ou non.

A continuación, o representante da Asociacións Culturais relaciona as queixas e as peticións que fai a veciñanza para que se lles dean as solucións pertinentes:

1. Terminar o saneamento en toda a Parroquia
2. Camiño dos Covelos: Informan de que ten o firme en moi mal estado.
3. Camiño da Igrexa: Informan de que a beiravía está desfeita e preguntan se non se poderían pór en V.
4. Solicitan que se instale un taboleiro de anuncios no parque de Cabeiro e na marquesiña dos Mancoeiros.
5. Camiño da Coutada Vella: Solicitan que se lle dea solución á saída de augas, xa que hai un cano atascado e non desauga.
6. Informan que un veciño dona terreo para que se arranxe o muro que está fronte o aparcadoiro da casa da Brava porque está caendo a estrada, entre o quitamedos e a casa.
7. Solicitan a instalación de sinais de tráfico na Parroquia, tanto as de velocidade como as de animais soltos no monte. Tamén comunican que non hai unha sinal de aviso no Colexio.
8. Camiño do Lago: Comunican que o tramo de beiravías, ao carón do transformador, é perigoso e que o tubo de paso da auga ten pouco diámetro. Solicitan a colocación de reixas xa que as beiravías son moi fondas.
9. Camiño do Campiño: Informan que dende o río ata o alto, as beiravías están en moi mal estado. Tamén solicitan que se retire un poste de madeira na estrada que quedou separado ao mover o muro cara atrás.



CONCELLO DE REDONDELA

10. Camiño do Campiño: Expoñen que o tramo de beiravía está en mal estado, a 50 metros do transformador con dirección ao cemiterio, hai que trasladar a beiravía o muro recentemente feito, as augas desbordan polo camiño, os tubos de desaugadoiro son de pouco diámetro, polo que os veciños da parte baixa se queixan das continuas inundacións que sofren nas súas propiedades.
11. Solicitan que se instale un espello no cruzamento da saída de Cabeiro con Vilar, ao final do Camiño do Penedo. Propoñen que se melloren as indicacións. Respecto á sinal de STOP que hai baixando o cemiterio, solicitan o seu traslado para abaixo.
12. Camiño do Pió: Comunican que o muro que hai no tramo que vai dende a casa de Laura ata de Alfonso estase derrubando.
13. Camiño do Eido Vello: Solicitan facer estilo de beiravía para desviar as augas
14. Camiño dos Cambeiros: Reclaman que unha vez que se faga o saneamento, se melloren as beiravías, e que se poña un tubo na entrada da casa dos pobres.
15. Solicitan que se retire o entullo que o Concello depositou fai 3 anos no aparcadoiro do cemiterio.
16. Camiño do Fixón: Trasladan a queixa de que hai un muro de pedra en mal estado
17. Camiño da Milixosa: Informan de que na poza que hai ao lado da entrada hai un tubo atoado.
18. Camiño das Coviñas: Indican que o firme está en mal estado
19. Comunican que nos Camiños da Milixosa, Quirincosta, Penedo, Igrexa de Cabeiro, Campiño, Cova e Estrada de Negros no tramo dentro de Cabeiro, hai árbores enriba da estrada, incluso algúns apoiados nos cables de tensión. Solicitan que os donos das leiras sexan sancionados.
20. Solicitan que limpen a Senda da Auga porque leva 2 anos sen limpar.
21. Comunican que o camiño forestal a San Vicente non se limpou nin se lle pasou a máquina, como se facía todos os anos.

Toma a palabra Sabino Amoedo Dacosta indicando que estes arranxos que lle trasladan á presidenta corresponden ao mantemento que debe ser realizado polo Concello, polo que non debería ser preciso que fose a veciñanza a que llo teña que comunicar a este.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta remata a reunión, sendo as nove horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

M.^a DEL CARMEN AMOEDO DASILVA

M.^a GORETTI GONZÁLEZ ENES